

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE

XULLO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas e trinta minutos do día vinte e tres de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Faise constar que esta sesión atrasa o seu comezo das dez horas ás doce horas e trinta minutos, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde e coa conformidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Rocio Vila Díaz.

Intervén como secretaria, por delegación da secretaria xeral da Corporación, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de xullo de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Resolución do 10 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Administración Local, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fan públicas as



axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia. Figura o Concello de Cambre cun importe da subvención de 29.963,03 euros. (Diario Oficial de Galicia número 140, de data do día 23 de xullo de 2012).

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 140, de data do día 23 de xullo de 2012).

- Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. Diario Oficial de Galicia número 139, de data do día 20 de xullo de 2012).

- Instrución 2/2012, do 22 de maio, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Consellería de Economía e Industria, pola que se ditan normas para a autorización da posta en servizo de instalacións eléctricas e para os procedementos de tramitación administrativa das instalacións de distribución de baixa tensión. (Diario Oficial de Galicia número 138, de data do día 19 de xullo de 2012).

- Anuncio do 5 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública e audiencia aos interesados o proxecto de decreto polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 136, de data do día 17 de xullo de 2012).

- Escrito da Dirección Xeral de Mobilidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistrado de entrada con data do día 16 de xullo de 2012 co número 10.007, no que solicita informe relativo ao “Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense”.

- Escrito da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistrado de entrada con data do día 18 de xullo de 2012 co número 10.116, ao que achega convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cambre para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dous vehículos motobomba.





CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- - Escrito da Dirección Xeral de Mobilidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistrado de entrada con data do día 18 de xullo de 2012 co número 10.115, no que comunica a estimación das achegas previstas para o Concello de Cambre para o ano 2013 en relación co transporte metropolitano de Galicia, cun importe total de 131.705,89 euros. A contía que deberá achegar definitivamente se comunicará no primeiro trimestre de 2013.

- Escrito da sección de Plans provincial, da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 17 de xullo de 2012 co número 10.059, no que comunica que se concedeu unha ampliación do prazo de execución ata o 31 de outubro de 2012 da obra seguinte incluída na 1ª fase do POS Adicional 1/2010: “acondicionamento camiños municipais en Cecebre e outros”.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o día 25 de xullo terá lugar o XII gran premio BTT de Cambre.

A continuación, tamén informa que o vindeiro día 28 de xullo terá lugar unha carreira organizada polo Club Ciclista en colaboración co concello. Continúa a dicir que a segunda semana de agosto terá lugar o 3x3 streetball, de baloncesto.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez quere agradecer a colaboración á brigada de obras pola súa colaboración no mantemento das pistas polideportivas onde se desenvolven todos estes actos.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que a vindeira semana se incorporará o arquitecto.



Tamén informa que se segue con acumulación de expedientes no departamento de Contratación, debido á falta de persoal. Engade que, antes das súas vacacións, se establecerán unhas prioridades na tramitación destes expedientes.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que, a pedimento dos veciños, pintaron coa sinalización de carga/descarga na parroquia do Temple (rúa Tapia, Paseo Marítimo, etc.).

Continúa a dicir que houbo algunhas protestas, concretamente preto da farmacia, xa que parece que resta visibilidade para saír do garaxe, protesta que non acaba de entenderse pois os coches aparcados tamén producirían o mesmo efecto. No Paseo Marítimo tamén houbo algunha queixa, debido a que entenden que se eliminan seis prazas de aparcamento, pero xa se lles explicou que era a única solución e que, ademais, é nun horario de 9.00 a 14.00 horas.

Informa que agora están pintando en Penouviña.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o día 17 de xullo se deu a coñecer o gañador do concurso de carteis para as festas de Santa Maria de Cambre 2012.

Tamén informa que o día 21 de xullo tivo lugar o XXII festival de música e baile tradicional de "As Mariñas" no parque da Igrexa de Cambre.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro 4 de agosto actuará a Coral de Santa Maria de Cambre no local da Xuventude de Cecebre.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que no vindeiro pleno que terá lugar o día 26 de xullo se tratará o tema das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2012. Manifesta que as axudas son soamente para o que resta de ano 2.012 polo que cada beneficiario contará con un máximo de 500 € para os meses que resten.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Continúa a dicir que falaron coa asociación de auto-taxis da Coruña, e cando fagan as bases incluirán o número de teléfono de todos os taxis adaptados da Coruña e Culleredo, posiblemente no reverso dos bonos.

Para finalizar, dona Maria Jesús González Roel informa que respecto do programa Mañanceiro, se inscribiron todos os nenos que se apuntaran e que cada vez hai máis solicitudes.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G